



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL
IES Manuel García Barros

Rúa da Cultura, s/n
36681 A Estrada (Pontevedra)
Tif 986590104
ies.garcia.barros@edu.xunta.es
www.iesgarcia Barros.org



ELECCIÓN DE PAIS, PAIS E TITORES/AS LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa *RESOLUCIÓN do 20 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos*, a XUNTA ELECTORAL deste centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS E NAIS DO ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto nos artigos 38 e seguintes do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, corresponde elixir no presente proceso electoral a **2 nais/pais**, dun total de 3 que debe ter o Consello Escolar.
2. Son electores todos o pais e nais ou, se é o caso, os titores/as legais do alumnado matriculado no centro e incluídos no censo correspondente que a partir do día de hoxe está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral ata o 15 de novembro.
3. Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores/as legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na secretaría (oficina) do instituto. **As candidaturas poderán ser presentadas dende o 09 de novembro ás 8:45 ata as 12:00 horas do día 16 de novembro.**
4. **O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase, entre os pais/nais que non se presenten como candidatos, o 17 de novembro ás 10:25 horas.** A mesa electoral estará composta pola directora do centro, que actuará como presidenta, e 4 nais/pais ou titores/as legais, actuando como secretario/a o/a de menos idade.
5. A campaña electoral comprenderá dende o 17 ao 23 de novembro, ambos incluídos. As dependencias e servizos do centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición á presidenta da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do IES e non implique incumprimentos da normativa COVID.
6. Poderán actuar como supervisores da votación os pais/nais ou titores/as legais do alumnado matriculado no centro que sexan propostos pola ANPA.
7. **A votación realizarase neste centro o mércores 24 de novembro, das 17:00 ás 19:30 horas, no despacho de Dirección.** A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 17:00 horas.
8. Na papeleta de votación **cada elector/a fará constar un máximo de 1 nome** dos candidatos/as presentados e **deberá acreditar a súa identidade mediante a presentación do DNI, NIE ou calquera outro documento acreditativo.** O voto será directo, secreto e non delegado, e non se admitirá o voto por correo.

9. Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o/a titor/a legal do alumnado.
10. Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para o seu envío á Xunta Electoral do centro.
11. A Xunta Electoral do centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se podan formular.

A Estrada, 08 de novembro de 2021

A PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL

Asdo.: Ana R. Fernández Pérez